

Curso Cuadrimestral de Alemán 1º C - 2018-2019

Información da convocatoria

Tipo	CURSO CUADRIMESTRAL DE ALEMÁN
Código	V18.XT.AL.A21
Nome	Curso Cuadrimestral de Alemán 1º C
Curso académico	2018-2019
Nivel	A2.1
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	55.00

Descrición

Adquirir coñecementos básicos de lingua alemá. Dirixido a persoas con coñecemento básico da lingua a nivel A1. De acordo co Marco Común Europeo de Referencia (MCER) o Nivel A2 adquirese cando o/a estudante é capaz de comprender frases e expresións de uso frecuente relacionadas con áreas de experiencia que lle son especialmente relevantes (información básica sobre si mesmo e a súa familia, compras, lugares de interese, ocupacións, etc.); cando sabe comunicarse á hora de levar a cabo tarefas simples e cotiás que non requiran máis que intercambios sinxelos e directos de información sobre cuestións que lle son coñecidas ou habituais; e cando sabe describir en termos sinxelos aspectos do seu pasado e a súa contorna, así como cuestións relacionadas coas súas necesidades inmediatas.

Aqueles alumnos que cursen os dous cuadrimestres terán o exame incluído no importe do curso.
Nos cursos organizados en 2 cuadrimestres, se non realizaches o primeiro e incorporaste no segundo, o prezo da matrícula do segundo cuadrimestre verase incrementado polo importe correspondente ao exame do curso.

Para obter o diploma no que se acredite o nivel haberá que aprobar as catro destrezas cunha nota mínima de 12.5/25 cada unha e obter unha nota global de 60/100.

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	27/07/2018 - 19/09/2018
Período de docencia	01/10/2018 - 19/12/2018

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	20
Horas ECTS	55
Validación LE	0

Destinatarios

Persoas maiores de 16 anos interesadas en aprender ou mellorar a súa competencia na lingua alemá.

Calendario

Luns e mércores de 15.00 a 17.15 (**Aula a determinar**)

PROBA DE NIVEL: 20 de setembro ás 16.00 horas na Facultade de Filoloxía e Tradución - **Aula C1**

Programa

Alemán A2.1

- **A familia e as profesións:** falar da familia e das profesións dos nosos familiares, falar dos recordos da infancia, comprender e contar a historia dun familiar, ordenar un relato cronolóxicamente.

- **Mobiliario e decoración da vivenda:** comprender e dar opinións sobre a decoración dun piso, pedir e dar consellos e indicacións sobre onde colocar mobles e obxectos en unha habitación, describir unha habitación, comprender un artigo breve dunha revista de decoración, entender o directorio duns grandes almacéns, entender avisos escritos nunha comunidade de veciños.

- **Ofertas turísticas:** comprender anuncios e folletos turísticos e de ocio e valorar as súas ofertas, expresar gustos e preferencias, contar o que faríamos nos diferentes destinos turísticos, describir unha paisaxe, coñecer lugares de interés turístico nos países de fala alemana.

- **A compra:** falar dos nosos hábitos ao facer a compra, manter un diálogo nun supermercado, especificar a cualidade dun alimento, indicar pesos, medidas e envases, extraer información dos anuncios por megafonía nun supermercado, comprender unha lista da compra, ler unha carta do almorzo nun café, describir o almorzo ideal.

- **Turismo urbán:** nomear e describir lugares de interés turístico nunha cidade, comprender postais e mails sobre a visita a unha cidade, poñerse de acordo para un plan da fin de semana, expresar acordo e desacordo, escribir unha postal ou mail con propostas para afin de semana coñecer os edificios representativos das principais cidades alemás.

- **Eventos e espectáculos:** comprender artigos de lectores sobre eventos, comentar os eventos e espectáculos que nos interesan, escribir un breve texto sobre o evento favorito, entender anuncios de espectáculos, quedar con alguén para facer un plan, facer propostas e aceptalas ou rexeitalas e propor unha alternativa, facer indicacións temporais.

- **O estado físico:** falar dos hábitos deportivos, comprender a oferta deportiva dun ximnasio, comprender un plan semanal de adestramento e a dieta a seguir, pedir e dar consellos, enumerar os bos propósitos inmediatos, comprender un texto informativo sobre unha empresa do sector deportivo.

- **A saúde e os médicos:** falar das visitas ao médico, comprender opinións en foros respecto aos médicos, razoar e argumentar algo, expresar preocupación, pesar e esperanza, comprender a descrición dun accidente, entender un texto informativo sobre o sistema de urxencias en Alemaña.

- **O traballo:** comprender un artigo de economía sobre a industria do automóvil, entender anuncios de oferta e demanda de emprego, describir o traballo ideal, expresar desexo, indicar o que é importante, comprender e escribir comentarios nun foro sobre o traballo propio, dar información sobre a propia formación.

- **No restaurante:** entender unha carta, coñecer platos típicos nos países de fala alemá, pedir nun restaurante, formular unha queixa, pedir algo que falta na mesa, pedir a conta e pagar, expresar disgusto pola ausencia de algo, comprender comentarios no libro de visitas dun restaurante, entender a descrición dun restaurante e as valoracións dos usuarios, facer recomendacións, elaborar unha ficha para describir un restaurante.

- **Ideas de negocio:** comprender un artigo periodístico sobre unha nova empresa, indicar de qué está feito un produto, entender unha entrevista, facer valoracións, expresar agradecemento, dar a noraboa, expresar bos desexos, escribir unha felicitación a unha empresa e a un compañeiro de traballo.

- **A alimentación:** comprender os datos dunha enquisa sobre os hábitos alimenticios dos alemáns, comparar os hábitos de alimentación en Alemaña cos propios, falar da nosa alimentación agora e na nosa infancia, expresar sorpresa, facer unha enquisa sobre os costumes á hora de cociñar, comprender información contida nun blog sobre comida sa.

Libro de texto: Menschen A2.1-Ed. Hueber, Kursbuch und Arbeitsbuch (ISBN 978-3-19-301902-8 / 978-3-19-311902-5) **Non comprar o libro ata falar co docente na primeira clase.**

Tarifas

Comunidade Universitaria	215.00 €
Público en xeral	260.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Transferencia bancaria
Tarxeta bancaria
Emisora X011668 Ingreso efectivo (Banco Santander)

Impartido en

Campus de Vigo - Facultade de Filoloxía e Tradución -

Cómo matricularse

Entra en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a preinscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tes tres posibilidades:

a) Pago con tarxeta

b) Transferencia no **Banco Santander**:

Número de conta: 0049 614198 2510007984

Código Swift: BSCHESMMXXX

IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o teu nome e o nome do curso no que te matriculas

c) Ingreso en efectivo no **Banco Santander**:

Neste caso debes indicar estes datos:

Emisora: X011668

Importe do curso

Nome do alumno e nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

Condições de acceso

Certificado de A1.2/A1 (con data dos tres últimos anos) ou proba de nivel. **Aula C1**

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.
2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.
3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificadas, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.
4. Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:
 - Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
 - Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.
5. En ningún caso devolveráse o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.